




Deixa xa de louxeiro, achégate

Letras Galegas 2007

ven a min

MARÍA MARIÑO CAROU. DINAMITEIRA DA FALA

XUNTA DE GALICIA

Letras Galegas 2007
maria marino carou

CADERNO DO ALUMNADO

XUNTA DE GALICIA

IES de POIO
Camión do Penedo - Fontenla n.º 27
36995 Poio (Pontevedra)

PARTICIPANTES:

IDEA ORIXINAL: Consuelo Vereher Lloris (Departamento de Francés)
DESEÑO E CARTEIS: Julia Torreçrosa Sañudo (Departamento de E. Plástica e Visual)

GUÍA DE CARTEIS:

Consuelo Vereher Lloris (Departamento de Francés)
Gabriela de los Santos Gago (Departamento de Música)
Carmen Redondo Pérez (Departamento de Tecnoloxía)
Ariel Castro Álvarez (Departamento de Filosofía)

CADERNO DO ALUMNADO:

Consuelo Vereher Lloris (Departamento de Francés)
M.ª Xesús Beloso Martínez (Departamento de L. Galega)
Eladia Diéguez Vázquez (Departamento de L. Galega)
Carlos Núñez Pombo (Departamento de L. Galega)
Inés Ferro Santos (Departamento de L. Castelá)

EDITA:

Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Imprime: Difux, SL
DL: C-1315+2007

TEMAS PARA DEBATER E REFLEXIONAR

Cartel 1. Muller

Texto de Medos Romero, "Publicar na madurez"

Todas nós somos María Mariño dalgún xeito, todas educadas no sentir, na dor, no sacrificio, na culpa, na negación mesma. Todas recibimos esa educación terriblemente sexista, relixiosa e paternalista. Todas pasamos polo silenciamento duro, pola depresión, pola creenza de que non eramos capaces ou feitas para pensar e razoar, para falar e opinar do mundo. Tanto pesou en nós esta realidade, tanto veleno se nos inxectou para desermos da nosa capacidade! Toda a miña gratanza e agradecemento para quen pelexou e nos deu a heranza da palabra. Rosalía, María Mariño, María Xosé Queizán... Todas elas –poucas– son a orixe, o cerne de quen vimos sendo.

María Mariño nace en Noia no ano 1907. Muller de orixe moi humilde e con poucos anos de escola, transeorre o seu tempo sen gloria e con penas. Á marxe de modas, do mundo literario, vai camiñando, pisando mar e terra e deixándonos fondas 'pegadas' do seu mundo interior, da súa intimidade coa natureza, do seu sentido sobre o ser e o tempo.

Cousas, cousas fun lendo, cando as letras aprendía.
Agora que sei leer non sei o que alí decía.

Meu tempo! –eramei chorando.
Bágoas a bágoas iba escribindo.

Tempo do tempo énos o pouso desta luz por donde ando

Nace en min un novo lonxó con mofo na raíz teida.

Eu non sei donde agromou ou si ven dunha fontíña. Abala, abala o seu
meeer os aires que a min me viñan!

Cando zoan sin mal tempo

Penso que o lonxó naceo do vello que o novo tiña.

M. Mariño

- TEMA 1

A educación da muller nos anos 60, 80, 2000 (invitación ao debate).

- TEMA 2

Reflexión sobre a educación que puido recibir María Mariño (debate).

- TEMA 3

Papel das nais na educación dos fillos; papel dos pais na educación dos fillos.

Cartel 2. Pereorrido xeográfico de María Mariño

Texto de Xerardo Agrafoxo (Biografía de María Mariño, Editorial Galaxia)

María Mariño pasou os seus vinte primeiros anos na súa vila natal.

Daquela, Noia era unha vila de tres mil habitantes. A súa vida económica xiraba ao redor do burgo, enquistado polas augas do río Traba e unha enseada atezada de bareas ancoradas preto da muralla que ergueran os homes do medievo... Tamén falan de labregos carrexando os seus produtos ata as prazas da zona vella, redeiras remendando os aparellos de pesca, nenos vendendo leite baixo os soportais e artesáns...

As desgraciadas circunstancias familiares levarían a moza a vivir cos seus pais no peirao de Escarabote, logo nas terras de Euskadi, xunto á súa irmá. O relato en castelán que non chegou a publicarse –“Los años pobres. Memoria de guerra y posguerra”– foi froito dos dramáticos episodios bélicos alí vividos.

De volta a Boiro, casa María con Roberto Pose, e o matrimonio permanece en Escarabote durante catro anos e dous máis no concello de Arzúa.

Despois dun ano en Elantxobe, vila mariñeira vasea, volve a parella a Galicia, onde nace e morre o seu meniño. Pouco despois, María perde o seu irmán e a súa nai.

Despois dun ano en Romeor, o matrimonio permanecerá vinte anos en Parada. Os últimos anos, apunta Xerardo Agrafoxo, “converteron as fermosas paraxes nunha forma de exilio interior”.

O enterramento tivo lugar no cemiterio de Seoane en 1967.

MIÑA NAI

Santa morte eu vivín

Polo alento ó revés do meu sentir!

Erquíñme e fun cara arriba, non atopei que deir.

Atopeiehe, miña nai!

Atopeiehe!

Na escaletiña de pedra,

No recendo do piñar,

No baño de San Martín, eo rosariño na man.

Á dereita, no Convento, atopeiehe!

E logo, pasando a Ponte, camiño da Pedra Chã, atopeiehe, miña nai!

Atopeiehe!...

- TEMA 1

A relación que tivo María Mariño coa súa nai (impresións e extrapolacións).

- TEMA 2

Paisaxes de Noia, Boiro e O Courel.

Cartel 3. Protagonistas da historia

Ningún home é unha illa completa en si mesmo; todo home é un anaco de continente, unha parte de todo; se unha parcela de terra é levada polo mar, Europa enteira reséntese; a morte de calquera home diminúeme, porque son solidario do xénero humano. Así pois, non mandes preguntar para quen dobran as campás; dobran para ti.

John Donne

Tan só sesenta anos de historia; un rei (Alfonso XIII), unha República (1931), un ditador (Franco) e pobos humillados, torturados, paseados, exiliados baixo o réxime totalitario do Caudillo.

Despois do Alzamento (1936), a “paz” foi tormento: fame, medo, palabras a medias, olladas de desconfianza polo temor de ser denunciado: represión, impunidade, xuízos sumarísimos, cadeas e garrote vil.

Durante décadas quedaron desterradas as liberdades de opinión, prensa, partidos políticos.

Fealdade moral e estética do réxime, a súa medioere e brutal ridicelez de fascismo anaco, a súa liturxia babeante, e diríase etílica, como programada por suboficiais cuarteleiros convertidos en esenificadores daquela fantochada”. (M. V. Montalbán)

Na Galicia de María Mariño, soan voces galeguistas (Castelao) e nacionalistas republicanos (Otero Pedrayo).

A República nace entre festas e esperanzas o 14 de abril do ano 1931. O 15 de xullo de 1936, tres días antes do golpe, entrégaselle ao presidente das Cortes o texto do Estatuto de Galicia, e o 17, horas antes do golpe, o presidente da República, Manuel Azaña, recibe os representantes galegos: Castelao, M. Lugoís, Alexandre Bóveda, Rajoy, etc.

O alzamento (18 de xullo de 1936) trunfa as esperanzas e o proceso democrático.

O pobo galego non lles pode facer fronte aos militares. Na praza de María Pita, Millán Astray fala deste modo: “Muera el nacionalismo separatista y Viva la muerte”. Isto foi o sinal de saída cara aos paseos, aos campos, aos cárceres, ao silencio, aos maquis e ás fosas comúns.

Xerardo Agrafoxo escribe, na biografía de María Mariño, que a súa vida en Boiro “estivo marcada pola crise económica e a alta conflictividade social daquela época, o paro e o caeiquismo noxento... A extrema dereita intentou alterar o sistema democrático disparando mentres berraba: “Viva el Faseio, Abajo la República y Arriba España”. Esta biografía conta trágicos episodios da Guerra Civil (páx. 43 a 57, en particular).

Volvería a monarquía, na figura de Xoán Carlos I.

- TE/MA1
Reconstruír un anaco de historia de España e de Galicia.
- TE/MA2
Símbolos da guerra e recoñecemento das fotos (situación na historia).
- TE/MA 3
Episodios trágicos da guerra na biografía de María Mariño.
- TE/MA 4
Recoñecemento de personaxes destacables na historia de Galicia.
- TE/MA 5
Que significado ten “A morte disminúeme”?
- TE/MA 6
Que interpretas e deduces do texto de Manuel Vázquez Montalbán?
- TE/MA 7
Relación entre o Guernica de Picasso e Rinoceronte de Ionesco (estudados na clase de francés) con esta época?

Cartel 4. Música pola liberdade

Mentres no conxunto do Estado español, os máis ou menos folclóricos mimados polo réxime cantaban a gloria de España, unha, grande e libre, exhibían e vendían a imaxe dunha familia unida, que cantaruxaba feliz na coeiña unha copla, ao tempo que se coeían as lentellas salteadas con touciño, desexando que chegasen o partido (pais e fillos) e a hora do folletín (pais e fillas). Imaxes idílicas, harmonía familiar, aparencia de normalidade, masas domesticadas?

A aparente euforia e o entusiasmo exacerbadado, sinais inequívocos de frivolidade, incoñecemento, fuxida da crúa realidade, desexo de esquecer e de non ter “problemas”?

“Fillo, non te metas en política, xa ves o que me pasou a min”

A partir dos anos sesenta, comezaron a alzarse voces que se resistían ao fascismo, á ditadura, ás inxustizas e á aculturización. Tamén Galicia, pese aos “atropelos”, seguía no seu empeño de sobrevivir, sexa na clandestinidade, no exilio, na sombra; a orella pegada á radio buscando atopar noticias esperanzadoras. Galicia conservou milagrosamente a súa lingua, os seus costumes, a súa cultura e, en definitiva, a súa identidade.

A música foi unha maneira máis de expresar a dor, nomear as feridas; foi clamor e denuncia.

LETANÍA DE GALICIA

Galieia diño eu un di Galieia
Galieia decimos todos Galieia
Ata os que calan din Galieia
E saben sabemos

Galieia da door ehora á forza
Galieia da tristura triste á forza
Galieia do silencio calada á forza
Galieia da fame emigrante á forza
Galieia vendada cega á forza
Galieia atrelada queda á forza.

Seibe para servir
Seibe para non ser eeibe para morrer
Seibe para fuxir

.....

Uxío Novoeira

Os últimos anos de María Mariño coincidiron cos primeiros do que se deu a coñecer como a “nova canción galega”.

O maio do 68, a transición política, as folgas, as sentadas e, en definitiva, as ansias de liberdade viñeron acompañadas de numerosos cantautores e agrupacións que loitaron, a través da música, pola fin da represión e, sobre todo, cantando na tan perseguida lingua galega. Para iso, puxéronlles música aos poemas dos escritores galegos.

Estamos falando de Fuxan os ventos, Voces Ceibes, Luis Emilio Batallán ou Suso Vaamonde que, entre outros, conseguiron alentar o espírito reivindicativo e mover a conciencia da mocidade e dun sector importante da sociedade galega.

Na primavera de 1968, preséntase na Universidade de Santiago de Compostela un colectivo integrado por Xerardo Moscoso, Xavier, Vicente Arruñas, Benedieto, Bibiano, Guillermo Rojo e Miro Casabella, que se deu a coñecer co nome de Voces Ceibes. Musicaron poemas de Celso Emilio Ferreiro, Manuel María, Méndez Ferrín, Eduardo Pondal... e trataron de lle achegar a nosa cultura ao pobo, a través da música, ao tempo que contribuían a revalorizar a nosa lingua e a lle transmitir á mocidade unha inqúetanza. A maior parte dos textos das súas cancións levaban unha profunda carga de denuncia social e deixaron unha fonda pegada nos grupos e cantantes solistas posteriores.

No ano 1969, Suso Vaamonde intégrase no colectivo Voces Ceibes, no que permanece ata o ano 1974.

Eran os de Voces Ceibes cantautores que reivindicaban, coas súas armas, unha terra, un pobo, unha gala e a fin da ditadura franquista, acompañados dun público entusiasta polos mesmos ideais.

Logo, Suso, proseguiría unha longa andaina en solitario como cantautor. Comprometido socialmente coa súa terra, Suso só canta en idioma galego, musicando as súas propias letras e popularizando poemas dos nosos mellores poetas, como Celso Emilio Ferreiro, Manuel María ou Bernardino Graña, entre outros.

Luis Emilio Batallán aparece na década dos 70 co LP *Aí ven o maio*, título do poema de Curros Enríquez musicado por el mesmo, con destacados arranxos para guitarra e polo que recibe moi boa crítica musical. Tamén estará incluído neste LP a canción *Quen puidera namoralá*, poema de Álvaro Cunqueiro con música, tamén, de L. E. Batallán.

A comezos dos anos setenta, un grupo mixto de doce mozos asentados en Luño forman o grupo de tendencia folk Fuxan os Ventos, que constituiría una das formacións imprescindibles para entender a utilización do idioma propio na canción galega. Tras os comezos, nos escasos círculos de difusión da música popular daqueles anos, Fuxan os Ventos consegue pronto unha excelente profesionalidade, avalada polas voces dos seus compoñentes, uns adecuados arranxos musicais e a inclusión de textos de poetas galegos, ademais de composicións dos seus membros. En 1976, aparecía o seu primeiro disco co mesmo nome do grupo.

- TEMA 1

Mensaxe do cartel.

- TEMA 2

Reflexión sobre a poesía e a música como “armas arreboladizas”.

- TEMA 3

Intencións da “nova canción galega” e repercusión.

Cartel 5. Tecnoloxía: pequenas grandes cousas

No transecurso dos anos vinte aos setenta, pequenos inventos ían cambiar a vida cotiá en maior ou menor medida.

O boli bie e o rotulador facían as delicias dos nenos e das nenas, que deixarían de enzoufar os dedos coa tinta das súas plumas.

A liberadora lavadora, o ferro de pasar e a fregona para a felicidade das amas de casa, únicas usuarias das tres cousas.

A estufa eléctrica desprazaría o braseiro e a estufa de leña nas cidades.

O tocadiscos (de 78, 33 e 45 revolucións) introduciríase nos fogares, eo que se abriu un campo comercial que non pararía de ampliarse meteoricamente.

O chupa-chup, o vaso de papel...

O televisor (inventado noutras latitudes) chegaría aos nosos fogares nos anos sesenta. Mostrounos o home pisando a lúa (1968), ante as miradas esépticas dos nosos maiores, que sempre sostiveron que non era máis ca unha montaxe propagandística do imperio.

- TEMA 1

A necesidade de inventar/a necesidade de crear.

- TEMA 2

Poñer por orde de importancia, segundo os teus criterios, as pequenas grandes cousas que se inventaron (xustificar).

Cartel 6. Literatura nos tempos de María Mariño

CRONOLOXÍA BIOLITERARIA DE MARÍA MARIÑO E DO SEU TEMPO

Consello da Cultura Galega

Sección de Filosofía e Pensamento. Comisión Técnica de Xénero

1906. Fúndase a Real Academia Galega e Filomena Dato, Carmen Becero de Pato, Sofía Casanova, Emilia Calé, Sarah Lorenzana, Clara Corral Aller, Rita Corral Aller, Elisa Lestache de Caramelo, Ramona de la Peña y Salvador, Mercedes Vieito, Hipólita Moíño, Fanny Garrido, Carolina Micaélis de Vasconcelos, Mercedes Telia e María Vinyals son nomeadas correspondentes

► 1907. Nace en Noia María Mariño Carou

1911. Cantares galegos, de Leiras Pulpeiro

1913. Sorrisas e bágoas, de Franeisca Herrera
No desterro, de Ramón Cabanillas

1916. Créase na Coruña a primeira das Irmandades da Fala
Sae A nosa terra

1917. Inaugúrase o monumento a Rosalía na Ferradura compostelá, cunha homenaxe á escritora

1920. Sae o primeiro número da revista Nós
Teoría do nacionalismo galego, de Vicente Risco

1922. Manifesto “Máis alá!”

1923. Fúndase o Seminario de Estudos Galegos

► 1926. María Mariño trasládase coa familia a Escarabote (Boiro)
Dos arquivos do trampo, de Rafael Dieste

1927. Arredor de si, de Otero Pedrayo
1928. De catro a catro, de Manuel Antonio
1933. María Miramontes, xunto cun grupo de mulleres militantes do PG, fai un chamamento ás mulleres para que apoien a causa galeguista. A proclama publícase en A nosa terra
Nós, os inadaptados, de Vicente Risco
1936. Fúndase a primeira Asociación de Escritores de Galicia
- 1937. Cerezo de Bilbao. Coincide coa estaseira de María Mariño na casa da súa irmá en Euskadi
 María regresa a Escarabote
- 1939. María Mariño casa con Roberto Pose Carballido, en Escarabote
1944. Publícase en Bos Aires Sempre en Galiza, de Castelao
- 1945. María Mariño trasládase a Elantxobe (Euskadi)
 Nace o seu fillo, que morrerá meses despois, no 1946. María mariño trasládase a Romeor do Courel
- 1947. Morre a nai de María Mariño en Romeor do Courel e é enterrada en Esperante (O Courel)
 María Mariño trasládase a Parada do Courel
Cómaros verdes, de Aquilino Iglesias
1950. O páxaro na boea, de Luz Pozo
Doña do corpo delgado, de Álvaro Cunqueiro
Muiñeiro de brétemas, de Manuel María
 Fúndase a Editorial Galaxia.
1952. Íntimas, de Pura Vázquez
Sete ensaios sobre Rosalía, VV. AA.
Á luz do candil. Contos a carón do lume, de Ánxel Fole

- ▶ 1953. María Mariño coñece a Uxío Novoneyra en Parada do Courel
- 1955. Os eidos, de Uxío Novoneyra
- 1956. Cantiigas do vento, de María do Carme Kruckemberg
- ▶ 1957. Do suleo, de Xohana Torres
- Voce na néboa, de X. L. Méndez Ferrín
- María Mariño comeza a escribir (segundo información de Uxío Novoneyra)
- ▶ 1958. María Mariño comeza a escribir Palabra no tempo (segundo información de Uxío Novoneyra)
- Constitúese en Madrid o Grupo Brais Pinto
- 1959. Sombra do aire na herba, de Luís Pimentel
- A esmorga, de E. Blanco Amor, en Bos Aires
- ▶ 1960. Ramón Otero Pedrayo escribe o limiar para Palabra no tempo, de María Mariño
- ▶ 1961. O 16 de maio, Raimundo Gareía Borobó publica o artigo “María Mariño. Invenición de Novoneyra”, en La Noche
- 1962. Lonxa noite de pedra, de Celso Emilio Ferreiro
- ▶ 1963. Edítase Palabra no tempo
- O 30 de decembro, Ánxel Fole publica o artigo sobre María Mariño, “Grave silencio enchido”, en Hoja del lunes de Lugo
- Instítúese a celebración anual do Día das Letras Galegas
- A revista Grial empeza a súa andaina ininterrompida
- ▶ 1964. Areadio López Casanova publica o artigo “Palabra aleendida de María Mariño”, en Grial, n.º 3
- ▶ 1965. O 2 de febreiro e o 3 de marzo, X. L. Méndez Ferrín publica dous artigos en La noche: “A poesía de María Mariño. Un idioma novo” e “A poesía de María Mariño. Un camión novo”

O 4 de outubro, Ánxel Fole refírese a María Mariño no artigo “Grata visita”, en Hoja del lunes de Lugo
A orella do buraco, de M^a. Xosé Queizán

- ▶ 1966. María Mariño escribe Verba que comenza Elegías del Caurel y otros poemas, de Uxío Novoneyra
- ▶ 1967. Morre María Mariño. É enterrada en Seoane do Courel
O 11 de xuño Uxío Novoneyra publica o artigo “María Mariño ha muerto”, en La Voz de Galicia
- ▶ 1970. Victoria Armesto publica o artigo “Maruja”, en La Voz de Galicia
O 16 de agosto Miguel González Gareés publica o artigo “La poesía de María Mariño”, en La Voz de Galicia
Parolar cun eu, cun intre, cun insecto, de Margarita Ledo
- 1971. Adiós, María, de Xohana Torres
- 1974. Os eidos-2, de Uxío Novoneyra
- ▶ 1976. Poesía galega de posguerra 1939-1975, de Miguel González Gareés, recolle poemas de María Mariño
- ▶ 1982. A Asociación de Escritores en Lingua Galega dedícalle a Semana das Letras Galegas a María Mariño
Artigos sobre María Mariña no “Especial Letras Galegas”, de A Nosa Terra (n.º 189-190)
O n.º 3 de Dorna dedícalle unha separata a María Mariño
Primeiro número da revista A Sena
- ▶ 1983. Homenaxe a María Mariño en Carabela de Xiada. Noia
A Asociación Cultural Catavento organiza unha homenaxe e a colocación dunha placa na casa de María Mariño, en Noia
Primeiros números das revistas Andaina e Festa da palabra silenciada

- ▶ 1984. Ato de desagravio a María Mariño en Noia. Organiza a Asociación Cultural Catavento
Antoloxía de la poesía galega contemporánea, de César Antonio Molina, recolle poemas de María Mariño
- 1986. Celébrase en Santiago o Congreso Internacional de Estudos sobre Rosalía de Castro e o seu Tempo
Denuncia do equilibrio, de Xela Arias
- 1987. *Palabra de mar*, de Ana Romaní
- 1988. *Baleas e baleas*, de Luisa Castro
- 1989. *Unha árbore, un adeus*, de Mariña Mayoral
- ▶ 1990. O concello de Noia edita *Verba que comenza*, de María Mariño
“5 poemas inéditos de María Mariño”, en *A trabe de ouro*
- ▶ 1991. “María Mariño”, en *Literatura galega de muller*, de Carmen Blasco
- ▶ 1994. Edítase en Xerais a obra completa de María Mariño

Cartel 7. Tempo que foxe

Artigo de Marica Campo ("Publicar na madurez")

... Algunhas son conscientes de que as súas inquedanzas ao final se chaman depresión. Moí poucas intentan, na escrita, encheren a copa baleira. Non vivín talvez, mais esta son eu, esta que vibra coa beleza. Esta son. Deixo constancia da infiridade dos meus sonhos, da inmensidade da miña desgraza, do meu amor que non atopou canle nin continente, do tempo ao que lle faço a fiça desde estas páxinas. Así María Mariño, na soidade courelá, muller sen fillos, a dialogar coa natureza oniposiente, coa memoria ferida; a deixar, cando menos, palabra no tempo que foi, que sempre foi.

Eu non sei si xa pasou
ou se in da ten que pasar,
ou si aquilo que eu sentín
non foi sentir, foi soñar.
Vivo no preto quedo
Dun lonxano latexar”

-

O silencio das cousas, hoxe,
Aboia, aboia en min.
Remos navegan terra ó lonxe,
Volvendo as augas cara min.

María Mariño

- TEMA 1

Relación do poema “Tempo que foxe” coa obra de María Mariño.

- TEMA 2

Reflexión sobre a interpretación pictórica do poema “Tempo que foxe”.

- TEMA 3

Reflexión sobre a interpretación deste poema no cartel.

- TEMA 4

Reflexión sobre a enfermidade que vai minando un corpo e sobre o tempo que deteriora (rebelión dunha mente).

Cartel 8. A morte

Artigo de Marica Campo

... A sabedoría da experiencia. O berro da dor inenmensurable ante a morte.
O laio da fonte ao rebentar coma nun cataclismo de voces de outrora. Porque
a vida foi iso, encherse de voces. Porque a morte é iso, ser entregada ao
silencio. Cómpre deixar testemuño, facer gravados para despois do adeus.
Por aquí pasei, velaí os milladoiros da miña peregrinación, ollade canto ameí
e sufrín desde este corpo que se esboroa, que non pode xa co peso dos días.
Agora só a palabra, verba que comeza, a me salvar do tempo.

Chega a hora que mareou o tempo

-xeada que apaga o sol-,

Chega a hora fría aquela de contas feitas.

Chega luz resida de verba,

Resida de aquel que dixo que era e non se atopa.

Volve a hora do serán aquel -tempo feito-,

Volve o día que apañou e levou,

Volve a luz que levou a tómbola dos sentidos,

Feitos outros que non tiñamos,

Que non eramos,

Outros que non sabiamos deles.

Xa non vou nela!

Xa sei que son!

Hoxe que me teño toda, aígo,
Non sei si eres Mundo ou cabalgata de vidas
Ou remo que vogou en seco,

Ou lonxanía que non se achega,
Non se cinque,
Non arrola dela.
Que anduvemos a un pedal sin saber que tiñamos
Que andar a dous, Mundo, eso si que sei...

MARÍA MARIÑO

- TEMA1

A morte-liberación/A morte-angustia (reflexión sobre o concepto de morte en Rosalía e María Mariño).

- TEMA2

Reflexión sobre a desaparición de seres queridos e a súa expresión na obra de María Mariño.

- TEMA 3

Os nosos medos.

Cartel 9. O tempo metafísico. Onte e hoxe

Artigo de María Xosé Queizán

... A poesía de María Mariño, aínda que a terra é substancial, “terra, verba miña!”, “terra, alma dona”, e a natureza ocupa un lugar capital nos seus versos, é unha poesía metafísica que indaga en conceptos que foron e son obxectos de pensamento filosófico: a palabra e o tempo. “Tempo é tempo e o mesmo Tempo”. “O que pasou non se foi. Nil estamos. En el hai”.

Existencialismo. Reflexión sobre o ser e o tempo, en terminoloxía heideggeriana. Que ninguén se deixe enganar polos seus recursos populares, polas reiteracións, incluso polo caos lingüístico! Estamos ante unha obra filosófica. Que non aludan á súa escasa cultura libresa ou ao mínimo contacto co mundo literario! Enfrontámonos a unha poesía fonda, un pensamento dificilmente penetrable, un universo poético que non se aprende nos manuais. O ESTILO IMÍTASE: O PENSAMENTO E A CONCIENCIA, NON.

“Pasou o tempo de ter. Aquil tempo de medrar!

Tempo e tempo e o mesmo Tempo.

O que pasou non se foi. Nil estamos. En el hai...”.

MARÍA MARIÑO

Na soidade do silencio, María Mariño elabora a súa verdade. O seu é un dieir auténtico porque é un nomear primeiro. O nomear dunha sensibilidade persoal, dunha coñecemento de muller galega. A pobreza, o amor e a guerra, a enfermidade, a dor e a morte, a experiencia de existir no tempo que foxe, para ela e para nós, no tempo dos reloxos e dos calendarios.

Somos seres temporais, existimos no tempo, mais, que é o tempo?, unha ilusión dos sentidos?, onde vai o pasado?, que é dos instantes? Na intimidade do recorde vital da poetisa volven as voces que foron e xa non son, a súa memoria fica ferida. Na silenciosa harmonía da natureza, María reflexiona sobre o tempo. O que pasou nunca foi. Pensa como os primeiros filósofos-poetas. O tempo brota tempo, é unha fonte de presente, como na omniscente memoria divina, onte é hoxe. A súa palabra é unha testemuña, rescata o ser do esquecemento, a verdade do ocultamento, deixa constancia do que é. A experiencia humana de vivir na fenda do tempo. A palabra poética salva do efémero, instaura o permanente dende que somos quen de nos escoitar uns aos outros. Na soidade do seu destino, María Mariño elabora a verdade como representante verdadeira do seu pobo.

- TE/MA1

Interpretación do cartel (reflexión sobre os elementos utilizados).

- TE/MA2

Que entendemos sobre as palabras utilizadas “ontem” e “hoxe”?

- TE/MA3

En que medida responde o cartel aos textos que aquí propoñemos?

Cartel 10. A natureza. Fusión coa natureza

Artigo de María Xosé Queizán

A fusión que mantén cos elementos autoriza a perebirla como unha panteísta-naturalista. Nela prodúcese unha identificación coa natureza, unha simbiose. Ela é a terra, a chuvia, o vento, a neve. É o albor e a noite. É sombra rosaliña. Algúns autores teñen coñecido en cualificar isto como unha entrega mística. Non describe a natureza; mergúllase nela. Pero é demasiado autónoma para ser mística. Non hai abandono, non hai éxtase. Cando parece renderse, fai unha toma de poder. Tanto é “o humor da nada” como o “sol que rixe”, “viste a Natureza vestido feito por min. Visto eu dela o mellor forro”. NON SÓ É UNHA POETA MADURA. É UNHA POETA ALTIVA.

Viste a Natureza vestido feito por min.

Visto eu dela o mellor forro,

Visto eu dela o seu corpín.

Teño nelas o meu socorro.

Fuxe o meu peito de min

Si ela non cómpre ó redor.

Lonxe dela non me fai corpín,

Non pode ea lousa o meu cor.

A aurora é miña i é dela.

O mediodía a liña rompeu.

Teñ o serán da noite estrela.

Foise a tarde e non volveu,

Foise. Teñ a noite muito dela,

Máis do que a Lúa verteu.

MARÍA MARIÑO

- TEMA 1

Interpretación do cartel (elementos utilizados no cartel).

- TEMA 2.

Que entendemos por “mística”?

- TEMA 3.

En que medida se axusta o cartel co tema da natureza na obra de María Mariño?

Cartel 11. Ollada

Texto de Amélie Nothomb

Os ollos dos seres vivos posúen a máis sorprendente das virtudes. A ollada. Que é a ollada? Ningunha palabra pode achegarse á súa estraña esenxeia. Porén, a ollada existe. Ineluso podería dicirse que poucas realidades existen ata tal punto.

Cal é á diferenza entre os ollos que posúen unha ollada e os ollos que non a posúen? Esta diferenza ten un nome. A vida. A vida comeza onde comeza a ollada.

- TEMA
A nosa ollada.

TRABALLANDO CON ALGÚNS POEMAS DA AUTORA

NOIA

Campanas que tocares
todas do mesmo xeito,
unhas chegádesme á alma
e outras ó pensamento.

Pobos donde eu vivín!
Algúns eran máis feitos
e queríanme enganar,
mais eu nunca sentín
neles o meu fogar.

O meu fogar téño en ti.
No teu vivir e nas tres pontes
e das campanas os toques,
toques que eran pra min.

Fóra de ti cando as oio,
e sendo o mesmo tocar,
recóllas no pensamento,
xa non pasan máis alá.

Ribeiras do mar enxoito!
Ribeiras de pleamar!
Quedas, vellas ribeiras,
Aguardan un mar i outro mar.

Os seráns nas Rías Baixas
ollan con luz de aurora,
ea súa mirada queda,
silencio daquela hora...

(Palabra no tempo)

- Que outro poema das letras galegas ten estas características?
- Explica todo o que vexas e compáraos.
- Pregunta na túa casa que comunican as campás. Soan todas do mesmo xeito? Que mensaxes diferentes lembran?

Piñga, piñga hoxe a chuvia. En min ten un seu

(reprexo.

O sol que vai menguando olla ben o que eu non

(vexo.

Mares hai sin ondas neles e hai teitos sin niadas.

Eles teñen o que ven i outros teñen sin olladas.

(Palabra no tempo)

- Procura representar cun debuxo o que che transmite o poema.
- Que cor podería ter?

Eu non sei si xa pasou
ou se in da ten que pasar,
ou si aquilo que eu sentín
non foi sentir, foi soñar.
Vivo no preto quedo
dun lonxano latexar.

O silencio das cousas, hoxe,
aboia, aboia en min.
Remos navegan terra ó lonxe,
volvendo as augas cara min.
(Palabra no tempo)

- Despois de leres detidamente o poema, cal eres que é o tema?
- Ti eres que o eu lírico lle fai preguntas á vida? Ten dúbidas?
- Subliña as expresións que indican esas dúbidas.

Eu non sei quen manda hoxe que fixo de min
piñoadá.

Vou rolando, no me teño,
no me pilla o Sol,
no me engue a nebra, rolo,
rolo,
rolo por pulo,
rolo por retornos
e por pisadas vellas.

Atrapeóuseme no paso unha miçalla de aurora.

Era a lúa soia,
era o Sol que vocees daba,
era néboa envolta,
era auga que corría,
era vento,
era Terra toda.

Uees e toxos crucei,
crucei o mar desde o fondo,
crucei piñeiras e eumes.
Fun rolando río abaixo,
erguíñme, crucei dos piños,
das carballeiras,
da pandereta,

da gaita tamén crucei,
do lumeiro,
de muros vellos,
de picaños medas,
dos follatos o ruxir,
dos refreixos que me envolven,
das mociñas, dos seus vermellos refaixos,
da roca-fuso -baile en liño-,
dos pendellos donos de lúa,
do rouco ean de palleiro,
do noso alalá,
do hórreo, das ealexas tamén crucei.

(Verba que comenza)

- Como vimos no poema anterior, o eu lírico “tórñase natureza”. Vai ser outra vez a natureza a que recolla as imaxes, metáforas da enfermidade e morte próxima. Indica as metáforas e imaxes que encontres relacionadas con este estado da poeta.
- Con quen eres que está a falar?
- É un monólogo ou é un diálogo?

Crueei o mar da Marola e faloume no seu són,
faloume aberto en voz sonora
e ritmo forte.

As queivotas non paraban, revoloteaban mariñeiras.
Picaban as augas do sal
vermello e ardozo en rolo.

Estaba soia, soia comigo e ca proa
dun bareo pesqueiro que nela zoaba
mentras decía en comemestas verbas.

//Fun, son e serei castigo dunha onda
arrolada na pena que chamou Marola//.

Ninguén lle oíeu, mais un vento furón soupo de si
i enredándose en min quebrou seu nome.

Eseurécese o mar, a Marola sinte frío,
envólvense as ondas na nebra,
érguese peito-fala.

Cando de soia me erguín crueei o mar
da Marola. Eran as ondas enteiras, duras e longas,
era a súa espuma loita. Non tiña medo do vento.
Mar sin marea que trocara súa ronda.

(Verba que comenza)


- Neste poema, a autora recria un lugar coñecido e mítico da nosa xeografía costeira, a Marola. Busca as palabras relacionadas co campo semántico do mar.
- Ao ler este poema, os verbos indican que...
- Tamén hai substantivos que o indiquen?

E TI QUE DÍS...?

- Quem é María Mariño?
- Tivo poucos anos de escola, cales foron os motivos?
- Que é para ti o mundo interior?
- Subliña as datas importantes da vida de María Mariño: 1907, 1920, 1931, 1936, 1940, 1963, 1966, 1967.
- Sabes onde se sitúan Noia, Boiro, O Courel? Atópaos no mapa.
- Que significa a expresión “exilio interior”?
- Como expresa María Mariño a súa dor pola morte da súa nai?
- Que é un golpe de Estado?
- Observa o cartel 3, que podes dicir do que ves?
- Que é o sistema democrático?
- Viviu María Mariño a Guerra Civil?
- Por que Uxío Novoneyra di que agora Galicia?

- Observa o cartel 4, que ves?
- Que pode expresar a música?
- Que puntos comúns teñen os grupos de música dos que falamos?
- Cales son os inventos que che parecen importantes na túa vida cotiá?
- Xustifica de que cousas poderías prescindir.
- Subliña nesta cronoloxía os nomes que coñeces ou que che soan.
- O teu profesor pode lereche o poema do cartel 7, que sentes?
- Que podes escribir despois de observar o cartel 7?
- Que palabras utiliza María Mariño para falar da morte no poema do cartel 8?
- Subliña as expresións ou palabras deste poema que xustifiquen o título do cartel 10.
- Observa e estuda os elementos do cartel 10, que ten que ver cos poemas de María Mariño?

PERCORRIDO VITAL DA AUTORA POR GALICIA



Bibliografía

Agrafoxo, X. Biografía de María Mariño

Ed. Galaxia, 2007

Edición de Victoria Sanjurjo Fernández. María Mariño. Obra completa

Ed. Xerais, 2006

Chadwick Whitney. Mujer, arte y sociedad

Ed. Destino, 1992

Vázquez Montalbán, Manuel. Biografía del General Franco

Ed. Planeta, 1992

Artigos

“Publicar na madurez” (Queizán, María Xosé)

“Publicar na madurez” (Campo, María)

“Publicar na madurez” (Medos, Romero)

Fontes

Historia contemporánea de Galicia. Política (século XX)

Hércules Edicións, SA

Enderezos de internet:

www.cultura Galega.org

MÚSICA RECOMENDADA PARA O ACOMPANHAMENTO DA EXPOSIÇÃO

Vogar

María Senlle

(Poema de María Mariño)

Aí vén o maio

Luis Emilio Batallán

(Poema de Curros Enríquez)

Queñ puidera namoralá

Luis Emilio Batallán

(Poema de Álvaro Cunqueiro)

Cará á liberdade

Fuxan os ventos

L'estaea

Luis Llaeh

Negra sombra

Luz Casal/Carlos Núñez

Cabo Vilán

Uxía Senlle/Rodrigo Romani

NOTAS

NOTAS

NOTAS

NOTAS

NOTAS

NOTAS

NOTAS

NOTAS



I N T I M I D A D E



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística